

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa licitación, aprobación e execución do proxecto de dragaxe do fondo da ría de Pontevedra (10/PNC-000101, doc. núm. 1110)

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto 2 bis na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“2 bis. Especificar o calendario para a execución das obras da Estación Marítima no antigo porto das Corbaceiras.”

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2017 16:05:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2017 16:05:17

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Silvestre J. Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-000248 (2388)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co deseño dun plan de **eliminación**, en Galicia, da cortadora ou **herba da Pampa**.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Continuar coas medidas iniciadas para o control e erradicación da Cortaderia selloana na Comunidade Autónoma.
2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a deseñar un plan de eliminación da cortadera das autoestradas de Galicia”.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/01/2017 18:14:02



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 18:14
Nº Rexistro: 3481
Data envío: 16/01/2017 18:14:54.251

Silvestre Balseiros Guinarte na data 16/01/2017 18:14:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio
Ambiente e Servizos**

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa licitación, aprobación e execución do proxecto de dragaxe do fondo da ría de Pontevedra, **doc. núm. 1110 (10/PNC 000101)**.

Emenda de substitución

Débese substituír a parte dispositiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

- 1) Realizar as medidas oportunas que permitan xunto co resto de administracións responsables, cumprir a sentenza que obriga a reposición á situación inicial dos recheos realizados no Porto de Marín-Pontevedra, declarados ilegais polo Tribunal Supremo.
- 2) Realizar un rigoroso estudo sobre a situación da Ría de Pontevedra, que permita entre outras cuestións determinar cal é o mapa real dos sedimentos depositados, cales son os motivos destes e a súa situación, cal é o contido exacto dos mesmos, e que este estudo será utilizado para a realización da actuación máis



acaída , menos agresiva co medio ambiente, e máis favorable ao mantemento e mellora dos sectores produtivos da ría.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2017 18:08:14

Luis Villares Naveira na data 16/01/2017 18:08:19